

## A APDR DENUNCIA A LOITA QUÍMICA CONTRA O GURGULLO DO EUCALIPTO

O pasado 3 de abril, a Mesa da Madeira convocada pola Consellería de Medio Rural facía pública a pretensión de utilizar insecticidas químicos na loita contra a praga do gurgullo que ataca ao eucalipto, o denominado *Gonipterus scutellatus*. De acordo coas noticias aparecidas nos medios, a intención é fumigar con medios aéreos co insecticida Flufenoxuron, unha medida que desde a Asociación Pola Defensa da Ría queremos denunciar pola forte incidencia que podería ter sobre a saúde das persoas, sobre a fauna e a flora e sobre os solos, os acuíferos e as propiedades veciñais. Hai que ter en conta que os agrotóxicos fumigados desde helicópteros ou avionetas non só afectarán aos insectos tratados e que, ademais, adoitan caer fóra do seu obxectivo expandíndose a quilómetros de distancia.



Segundo se recolle en diversos estudos, unha das especies máis afectadas por este envelenamento serán as abellas que, están a morrer e desaparecer por millóns en todo o mundo debido ao uso destes pesticidas na agricultura e nas plantacións de eucalipto, e non debemos esquecer que as abellas non só teñen un papel como produtoras de mel e outros derivados da colmea, senón que xogan un papel fundamental na polinización das plantas con flores, entre as que se inclúen moitos dos principais cultivos de froitas e hortalizas. Neste sentido, a súa morte está a ter consecuencias moi negativas na economía agraria.

Para a APDR, a decisión da Consellería de Medio Rural de avalar estas fumigacións respoosta a unha política de total dependencia da industria da celulosa e das industrias de pesticidas, e sitúa ao goberno da Xunta de Galicia enfronte dos intereses da inmensa maioría da cidadanía galega e do medio ambiente. Non se pode esquecer que o Flufenoxuron é un insecticida que – pola súa elevada toxicidade e capacidade de acumulación- atópase en moratoria e desaparecerá do mercado polos efectos nocivos que ten sobre a saúde e o medio ambiente (Directiva 91 / 414 / CEE e RD 255 / 2003) polo que hai industrias moi interesadas en vender os seus stocks deste pesticida antes da súa prohibición. E tampouco debemos esquecer que a introdución do goníptero nos montes galegos é responsabilidade de ENCE, unha razón máis para amosar a nosa repulsa pola súa presenza na nosa comarca.

Pontevedra, 11 de abril de 2012

Asdo.: Benito Andrade, vicepresidente da APDR

### **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE A COMISIÓN EUROPEA E O FLUFENOXURÓN:**

En **2008** a C.E. solicita a os estados da UE a retirada da súa autorización, en **2011** desaproba o seu uso como produto fitosanitario e en **febreiro de 2012** fíxase o **1 de agosto de 2012** como data límite para a súa comercialización nos países membros da UE como biocida en produtos do tipo 18 (insecticidas, acaricidas e produtos para controlar outros artrópodos). No Regulamento de execución de 2011 e a Disposición do 2012 da Comisión Europea defínese a **acción do flufenoxurón** como: **“tóxica”, “moi persistente”, cuns “riscos inadmisíbeis para o compartimento acuático” (“elevado risco para os organismos acuáticos”) e “un alto potencial de bioacumulación na cadea alimentaria”.**

\* Os enlaces derivan ao Diario Oficial da Unión Europea de cada Decisión o Regulamento de execución.